*En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e de conformidade cos apartados 1q) e 3 do artigo 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local RESOLVO:*

**Primeiro.** - Conceder a licenza de primeira ocupación a Asociación Cultural e de Ocio San Antonio de Anceis para o pavillón polideportivo sito no lugar de A Rocha, parroquia de Anceis, con licenza de obra nº 2020/U022/14 concedida por resolución nº 1402/2020 do Concelleiro Delegado da Area de Urbanismo e Obras de data 23 de setembro de 2020.

**Segundo.** - Esta licenza enténdese outorgada agás o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

**Terceiro.** - De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015). O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous



*meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”.*

Con data de **4 de novembro de 2021** ditei providencia solicitando *“que, visto canto antedece, pola secretaria accidental se emita informe respecto do escrito rexistrado de entrada, ao número 202000400000733, con data de 13 de outubro de 2020, a instancia de don Julio Varela Cañas, presidente da Asociación Cultural e de Ocio San Antonio de Anceis, no relativo a:*

*“2.-Que ditas obras complementarias na pista polideportiva cuberta queden anotadas no rexistro municipal e na área de urbanismo como anexo, para a recepción por dita Asociación.*

*3.- Se poñan en uso as instalacións, para o disfrute da Asociación, de todos os seus socios, para actividades internas, e para o préstamo de dita instalación ao Concello de Cambre, previa comunicación a dita asociación e de calquera veciño”.*

Con data de **5 de novembro de 2020** emítense informe-proposta pola secretaria accidental.

Por todo o exposto, tendo en conta a delegación de atribucións efectuada prol da Xunta de Goberno Local mediante resolución 1324/2019, de 1 de xullo, proponse a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Recepcionar o pavillón polideportivo sito no lugar da Rocha, Anceis, construído sobre a pista polideportiva cuberta, xa recepcionada mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data de 5 de setembro de 2017 e incorporada ao Inventario de Bens e Dereitos mediante acordo plenario de 16 de maio de 2019, tal e como se describe no proxecto técnico de legalización do enxeñeiro industrial don Ramiro Calvo Saavedra, con visado número 20200798, de 2 de abril de 2020, aceptando a solicitude rexistrada de entrada, ao número 202000400000733, con data de 13 de outubro de 2020, a instancia de don Julio Varela Cañas, en representación da Asociación Cultural e Ocio San Antonio de Anceis, respecto de que *“ditas obras complementarias na pista polideportiva cuberta queden anotadas no rexistro municipal”.*

O seu uso axustarase ao establecido na Ordenanza municipal reguladora do uso de instalacións deportivas do Concello de Cambre (BOP nº 83, de 3 de maio de 2012).

**Segundo:** En consecuencia, incorporar dito acordo ao epígrafe do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Cambre relativo á pista polideportiva cuberta construída na parcela con referencia catastral 15017A090000300000MU, sita no lugar da Rocha, parroquia de Anceis, dada de alta mediante acordo plenario adoptado con data de 16 de maio de 2019, relativo ás *“altas e baixas no Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Cambre”*, resolvendo primeiro, apartado *“Altas no epígrafe 1: Bens Inmóbles. Código 1A. Fincas Urbanas”*, punto 2, coa cualificación de ben demanial de servizo público.

Isto, de conformidade co artigo 17 do Real decreto 1372/1986, de 3 de xuño, polo que se proba o Regulamento de bens das entidades locais.

**Terceiro:** Proceder á súa inscrición no Catastro Inmobiliario e no Rexistro da Propiedade; isto, de conformidade co artigo 36 do Real decreto 1372/1986, de 3 de xuño, polo que se proba o Regulamento de bens das entidades locais e co artigo 206.5 do Decreto do 8 de febreiro de 1946 polo que se aproba a nova redacción oficial da Lei Hipotecaria.





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Cuarto:** Notificar o presente acordo aos departamentos de urbanismo e deportes aos efectos oportunos, así como ao interesado, indicándolle que esta resolución, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **5º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 28 de outubro ao 4 de novembro de do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1843/2021 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 1924/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1843/2021	28-10-2021	Aprobación da certificación correspondente á obra “Mellora da pavimentación no paso da Barcala e o camiño do Pombo” recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 1.943,19 euros, así como o seu pagamento
1846/2021	28-10-2021	Convocatoria da sesión ordinaria Xunta Goberno Local 2 de novembro de 2021
1847/2021	28-10-2021	Reposición legalidade urbanística polos actos realizados na parcela sita na rúa Castelao, O Temple, consistentes na instalación dunha autocaravana, unha caseta, outras pequenas construcións, depósito diversos, tenencia de can na parcela. Titular: MdelCPD e JCLP
1848/2021	28-10-2021	Expediente sancionador por ruído en Estorrentada Cambre, proveniente dunha festa con música. JCC
1849/2021	28-10-2021	Reposición legalidade urbanística por colocación de rampla en zona pública fronte ao bar Dolar sito na rúa Constitución, O Temple. Propiedade: DY S.L.
1850/2021	28-10-2021	Conceder a licenza para dividir a finca sita na Barcala, Cambre de 1.767 m <sup>2</sup> en dúas parcelas de 1.647 m <sup>2</sup> e 120 m <sup>2</sup> para posteriormente cedela ao concello
1851/2021	28-10-2021	Conceder a licenza de segregación de parcela de 3.944 m <sup>2</sup> en dúas parcelas de 3.864 m <sup>2</sup> e 80 m <sup>2</sup> para cesión ao concello
1852/2021	28-10-2021	Levantamento dos reparos formulados pola Intervención municipal



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		relativos ao expediente de designación de docente para impartir dúas edicións do módulo transversal -Nivel básico de Prevención de Riscos Laborais
1853/2021	28-10-2021	Non admisión da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don SGV en representación de JGA, por importe de 581,38 euros, polos danos ocasionados en pneumático e llanta de vehículo, segundo indica, cando circulaba pola estrada do Drozo (Anceis), ao pasar enriba dunha arqueta sita en Drozo Anceis. Expediente: 2020/P001/000003
1854/2021	28-10-2021	Licenza de prórroga de inicio para a ampliación e reforma da vivenda sita en Nebrixe, Bribes promovida por dona IMG
1855/2021	28-10-2021	Licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar sita na Cabana, Anceis promovido por JCGP
1856/2021	28-10-2021	Desestimación da reclamación patrimonial presentada por dona EEV, na que solicita indemnización polos danos ocasionados na súa propiedade a consecuencia da tala de dúas árbores no lugar da Pagueira, Brexo-Lema. Expediente: TEdC 2020/P001/000004 responsabilidade patrimonial
1857/2021	28-10-2021	Licenza de primeira ocupación para a vivenda sita en Armental - Pravio propiedade de LFB
1858/2021	28-10-2021	Licenza de parcelación de finca sita en Lendoiro-Cecebre de 2.370 m <sup>2</sup> en catro parcelas de 909 m <sup>2</sup> , 625 m <sup>2</sup> , 676 m <sup>2</sup> , 118 m <sup>2</sup> e 41 m <sup>2</sup> sendo as dúas últimas de cesión obrigatoria ao Concello promovido por AM <sup>a</sup> AR
1859/2021	28-10-2021	Concesión axuda recibo auga a ADCM por importe de 46,86 euros
1860/2021	28-10-2021	Desistencia axuda material escolar e libros de texto de YGF
1861/2021	28-10-2021	Aprobación do pago dos custos de desprazamento e mantenza das persoas voluntarias participantes no proxecto de voluntariado xuvenil e senior "O noso camiño 2021"
1862/2021	28-10-2021	Contrato menor para a subministración de material de oficina e papelería non convencional para a OMI
1863/2021	29-10-2021	Nomeamento de docente para impartir Prevención de Riscos Laborais (PRL) nos cursos de soldadura do Plan AFD 2021 22
1864/2021	29-10-2021	Arquivo de actuacións expediente de reclamación número 2020/X999/000816, polo pago de 1.122,61 euros, IVE incluído, cantidade reclamada por danos ocasionados en plataneiro (derribo) situado no campo da feira de Cambre, fronte á Casa do Concello, Cambre, debido ao choque dun camión de recollida de lixo propiedade de Cespa, marca Ford 6, o día 19 de maio de 2020
1865/2021	29-10-2021	Arquivo de actuacións expediente de reclamación número 2020/X999/000807, polo pago de 234,76 euros, IVE incluído, cantidade reclamada por danos ocasionados en poste de sinal vertical á altura do número 1 da rúa Fernando Buesa, O Temple, Cambre, debido á colisión dun furgón marca Nissan, modelo Trade, o día 5 de setembro de 2020
1866/2021	29-10-2021	Arquivo de actuacións expediente de reclamación número 2020/X999/001127, polo pago de 1.390,92 euros, IVE incluído, cantidade reclamada por danos ocasionados en farol de iluminación pública no entorno da igrexa de Cambre, Cambre, debido ao impacto do vehículo marca Audi, modelo A3, o día 30 de novembro de 2020. Aseguradora: Reale, número de póliza: 3021000200929
1867/2021	29-10-2021	Arquivo de actuacións expediente de reclamación número 2020/X999/000907, polo pago de 379,54 euros, IVE incluído, cantidade



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		reclamada por danos ocasionados nas barras de suxeición do contedor de lixo sito en lugar de Galiñeiros Cecebre, debido ao impacto do vehículo marca Peugeot, modelo 307, o día 7 de outubro de 2020. Dilixencias previas Proc. Abreviado 0001040/2020
1868/2021	29-10-2021	Recurso dealzada contra valoración de concurso de praza de coordinador de protección civil
1869/2021	29-10-2021	Expediente sancionador ao café bar especial Sunset Boulevard en Paseo Marítimo polo exercicio de actividade coa porta aberta. Propiedade: CORD3
1870/2021	29-10-2021	Reposición legalidade urbanística por vertidos de entullos na marxe do camiño público municipal 1C.1.0338, en Anceis.Titular MBG e MPQA
1871/2021	29-10-2021	Prórroga inicio para construír unha vivenda unifamiliar, piscina e cerramento no lugar de Cela. Propiedade: NSV
1872/2021	29-10-2021	Conceder a prórroga para finalización da vivenda sita en Lamiño – Bribes. Propiedade: JMPC
1873/2021	29-10-2021	Desestimento da solicitude de segregación parcela sita en lugar Lendoiro-Cecebre propiedade de EEV
1874/2021	02-11-2021	Aprobación da conta xustificativa da subvención SNL.Xunta de Galicia
1875/2021	02-11-2021	Reposición legalidade urbanística por actos realizados na parcela sita Samosteiro, Cambre, consistentes na reparación da vivenda cos números 2 e 3; movementos de terras; colocación de tuías; peche metálico (camiño publico 1c 0158) sen título habilitante, e peche metálico (camiño publico municipal 1C 10155) sen axustar a comunicación previa número 2021/U026/0000201. Titular: Herdeiros de MDA
1876/2021	02-11-2021	Licenza de primeira ocupación para a vivenda sita en Outeiro - Bribes propiedade de MGR
1877/2021	02-11-2021	Licenza segregación de finca sita no lugar A Igrexa, Cela. de 2.672 m <sup>2</sup> en 4 parcelas 3 de 720 m <sup>2</sup> e 1 de 512 m <sup>2</sup> correspondente á cesión para viais
1878/2021	02-11-2021	Licenza de demolición da estrutura de formigón armado sito no lugar de Corgo, Brexo promovido por BGL
1879/2021	02-11-2021	Expediente sancionador por vertidos en Leiras por don JLAA
1880/2021	02-11-2021	Contrato menor subministración e instalación de accesorios anti-pánico para as dúas portas da entrada principal do Centro Municipal de Formación
1881/2021	02-11-2021	Expediente sancionador por ruídos no domicilio sito en Sigrás de Abaixo, por CRGV
1882/2021	02-11-2021	Expediente sancionador por producir ruídos na vía pública, en Paseo Marítimo diante do Sunset Boulevard en horas de descanso nocturno... SRN
1883/2021	02-11-2021	Expediente sancionador por ladridos de can en vivenda Curros Enriquez, O Temple. Responsable: MLB
1884/2021	02-11-2021	Pago acumulación MO
1885/2021	02-11-2021	Aprobación de facturas
1886/2021	02-11-2021	Recoñecemento de obrigas e aprobación de facturas por importe total de 63.811,33 euros
1887/2021	02-11-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 28.955,96 €



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1888/2021	02-11-2021	Transferencia de crédito 10/2021 convenio Sementeira
1889/2021	02-11-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras , na parcela sita en Igrexa, Cela, consistentes en demolicións varias (varanda metálica , soleira de formigón, etc); vertido de entullos ; colocación de taboleiros de madeira (enconfragos) na e a instalación dunha nova tubaxe de subministración de auga. Titulares: MdelosAES, MA, RM e ADE
1890/2021	02-11-2021	Reposición legalidade urbanística pola apertura dun portalón na construción auxiliar existente na parcela sita Souto, parroquia de Sigrás, construción dun muro de bloque nun dos seus laterais e unha soleira de formigón na parte posterior desta construción auxiliar. Propiedade: MGv
1891/2021	02-11-2021	Autorización adscrición condutor asalariado licenza taxi nº 25
1892/2021	03-11-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: IGM
1893/2021	03-11-2021	Conceder a axuda emerxencia social por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: DGAC
1894/2021	03-11-2021	Denegar a axuda recibos de luz por existir fiadores no contrato de aluguer. Solicitante: ERS
1895/2021	03-11-2021	Conceder a axuda aluguer por importe de 250 euros. Solicitante: PAPB
1896/2021	03-11-2021	Conceder a axuda aluguer por importe de 250 euros. Solicitante: CMPN
1897/2021	03-11-2021	Denegar a axuda material escolar e libros de texto por superar a unidade de convivencia o límite de ingresos establecido. Solicitante: JAS
1898/2021	03-11-2021	Conceder a axuda aluguer por importe de 450 euros. Solicitante: SRS
1899/2021	03-11-2021	Denegar a devolución aval para garantir as obras de urbanización correspondentes a nave sita na Xira - Sigrás promovido por APM
1900/2021	03-11-2021	Autorización do uso da piscina municipal da Barcala IES David Buján curso 2021/2022
1901/2021	03-11-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
1902/2021	03-11-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
1903/2021	03-11-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
1904/2021	03-11-2021	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso ao baixo sito na rúa Amil, parroquia de Cambre. superficie: 104,50 m <sup>2</sup>
1905/2021	03-11-2021	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso ao baixo sito na rúa Amil, parroquia de Cambre. superficie: 24 m <sup>2</sup>
1906/2021	03-11-2021	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por AVB para a colocación de placas de fibrocemento e tella cerámica curva na cuberta da edificación sita no lugar dos Picardos, Anceis
1907/2021	03-11-2021	Corrección de erros resolución de aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas correspondentes
1908/2021	03-11-2021	Procedemento abreviado 0000214/2021. MV
1909/2021	03-11-2021	Aprobación convenio promoción del fútbol 2020
1910/2021	03-11-2021	Aprobación da certificación correspondente á obra "Actuación de seguridade vial mediante construción de rotonda en camiño 183, Cela", recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe de 1.332,16 euros, así como o seu pagamento
1911/2021	04-11-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por esgotar o período máximo de concesión de 18 meses. Solicitante: OGF
1912/2021	04-11-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación non reunir o requisito de



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		empadramento. Solicitante: JMRC
1913/2021	04-11-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por non cumprir os requisitos esixidos no artigo 2 da ordenanza reguladora. Solicitante: MALC
1914/2021	04-11-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 8.280,68 euros
1915/2021	04-11-2021	Contrato menor para a ampliación de desmonte e muro perimetral en Brexo
1916/2021	04-11-2021	Conceder a renovación tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: FGS
1917/2021	04-11-2021	Denegara a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: MSNC
1918/2021	04-11-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: MIAD
1919/2021	04-11-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JJAMV
1920/2021	04-11-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: MBM
1921/2021	04-11-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: MIFG
1922/2021	04-11-2021	Denegar a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JASF
1923/2021	04-11-2021	Admitidos Actividades Educativas para o curso escolar 2021/2022
1924/2021	04-11-2021	Reposición legalidade urbanística por acopio de contedores en finca sita en Travesía da Igrexa, O Temple, Cambre por SEGASA

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C005/000015, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) correspondente ao Desenvolvemento da Cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, prorrogable ao 2023

- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á "Descrición Técnica para a Ampliación e desmonte de muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre" á empresa "OCISAT, S.L." no prezo de 8.000,00 euros sen IVE, 9.680,00 euros IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000055

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000010, por procedemento aberto simplificado , con pluralidade de criterios de adxudicación , con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática , da obra de "Proxecto básico e de execución de demolición de edificio sito en lugar dos Campóns. Castrobó."

- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra "Rectificación de pendentes para mellora da accesibilidade no Paseo Marítimo do Temple fronte oficinas de servizos múltiples municipais", á empresa Excavaciones y Obras Candal, S.L., no prezo ofertado de 9.090,00€ sen IVE, 10.998,90 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000088



- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa “Bialbero, S.L.” adxudicataria da “Subministración de carrozas e elementos característicos da Cabalgata de Reis, así como a aportación de persoal e medios para o desenvolvemento da tradicional Cabalgata durante o ano 2019 (coa opción de prórroga para o 2020)”. Expediente 2018/C005/000008

- Ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 1935/2021, do 8 de novembro, respecto da desestimación das alegacións formuladas no recurso en materia de contratación interposto pola futura UTE a formar polos licitadores "Ingeniería y Consulting Galicia S.C.P. & Beatriz Hermida Calviño (ERBA Arquitectos)"; contra a súa exclusión no procedemento de contratación 2021/C004/000004-Redacción de proxectos e direccións de obras da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre. Expediente: 2021/C004/000004.

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C005/000015, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) correspondente ao Desenvolvemento da Cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, prorrogable ao 2023**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 2 de novembro de 2021, elaborouse polo coordinador de actividades culturais e educativas, a memoria xustificativa da necesidade para a contratación do Desenvolvemento da Cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, prorrogable ao 2023 cun orzamento base de licitación de 47.987,28 euros IVE incluído e un valor estimado de 87.249,60 euros.

Con data do 3 de novembro seguinte, asíñase polo polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal o prego de prescricións técnicas particulares reguladores da prestación a contratar, así como o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia económica e técnica esixible, condicións especiais de execución, e réxime de penalizacións e sancións , informe que se asina conxuntamente polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude con data 04/11/2021.

Consta Informe de Intervención emitido o 2 de novembro de 2021 , respecto da existencia no orzamento 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 334.22609 (actividades culturais).

Respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 159.1 da LCSP.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , de data 4 de novembro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado , de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaria accidental e máis do interventor da Corporación , de data 4 de novembro de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da

Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, ao tratarse dunha prestación para o desenvolvemento da tradicional Cabalgata dos Reis Magos a realizar no Concello de Cambre o día 5 de xaneiro de 2022, (con posibilidade de prorrogarse á Cabalgata a celebrar no ano 2023), incluíndo o deseño das carrozas, a subministración de elementos característicos e persoal para o seu manexo, así como a achega e adscripción dos medios persoais necesarios.

Co contrato proxectado, o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2 l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "... ocupación do tempo libre; promoción da cultura..."), co que queda debidamente xustificada a necesidade de contratación para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto nos artigos 1, 28 e 116 da LCSP.

Con esto queda acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C005/000015, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) correspondente a:

- Obxecto do contrato:	Desenvolvemento da Cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, prorrogable ao 2023
- Orzamento base de licitación máximo:	47.987,28 euros IVE incluído
- Valor estimado:	87.249,60 euros
- Prazo de execución :	Aproximadamente entre os días 2 e 7 de xaneiro de 2022, podendo prorrogarse ao mesmo período do ano 2023, sendo o día de celebración da Cabalgata de Reis o 5 de xaneiro.

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto, por importe de 47.987,28 euros, por conta da aplicación orzamentaria 334.22609, se ben, por tratarse dun contrato obxecto de tramitación anticipada, a súa adxudicación quedará condicionada á efectiva consolidación, no exercicio 2022, dos recursos que o financien, iso de conformidade co establecido na Disposición Adicional Terceira da LCSP

**Cuarto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, considerando a natureza e mailo prazo de execución do contrato, non se realizará a revisión do prezo, isto sen prexuízo do previsto no PCAP respecto ás modificacións non previstas ou á suspensión do evento por mor da situación da crise sanitaria.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de

membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

**Presidenta:** A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

**Vogais:** O/A secretario/a xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o/a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A dinamizadora cultural dona M<sup>a</sup> Pilar Paz Delgado, e como suplente, a coordinadora deportiva dona Cristina Sanmartín Sánchez

**Secretaria:** A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Sexto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á “Descrición Técnica para a Ampliación e desmonte de muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre” á empresa “OCISAT, S.L.” no prezo de 8.000,00 euros sen IVE, 9.680,00 euros IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000055**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 20/04/2021 díctase Providencia do concelleiro-delegado de Urbanismo e Obras, na que, con base nun escrito da concelleira-delegada da desenvolvemento asociativo do 09/04/21, ordea ao arquitecto municipal que inicie os trámites oportunos para poder levar a cabo a ampliación do proxecto que se está a executar no lugar de Pousadoira, lindante co centro sociocultural recreativo.

Con data do 07/05/2021 asínase polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito o documento denominado “Descrición Técnica para a Ampliación e desmonte de muro perimetral en Brexo (Pousadoira),Cambre” cun orzamento base de licitación de 8.294,57 euros sen IVE, 10.036,43 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 1 mes. No dito documento indícase expresamente que ” ten por obxecto a ampliación da actuación que se está executando no lugar de Pousadoira (lindante co Centro Sociocultural Recreativo), parroquia de Brexo, consistente no desmonte e a construción dun muro de contención perimetral,

para posteriormente poder construír un anexo ás instalacións deportivas alí existentes. A ampliación de máis metros, suporía un maior aproveitamento da superficie dispoñible e, por tanto, un maior servizo”, e que Actualmente se están realizando, na zona, as obras consistentes na execución dun muro de contención perimetral como traballo previo para poder construír un anexo ás instalacións deportivas municipais de Brexo.”

Con data 11/05/2021 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo arquitecto municipal, polo concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos humanos, , na que se xustifica a necesidade do contrato para dar cumprimento á Providencia do Concelleiro de Urbanismo e Obras de data 20/04/2021.

Achégase ao informe-proposta de necesidade un documento de “Prescricións Técnicas”, así como un informe-proposta, elaborados polo arquitecto municipal citado, que propón a invitación a participar a unha única empresa, “Ocisat, S.L.”.

Con data 17/05/2021 emítase documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 933.62200 (edificios e outras construcións xestión patrimonio), sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 10/06/2021 emítase informe polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, formulando proposta de adxudicación da obra a prol da entidade “Ofisat, S.L.” no importe de 9.680,00 euros IVE incluído.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral de data 6 de outubro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 412/2021 - REPARO 127 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 25 de outubro de 2021.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal con data 2 de novembro de 2021 e tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 1915/2021 de 4 de novembro, na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.)

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, conforme se estipula no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Aprobar o documento denominado “Descrición Técnica para a Ampliación e desmote de muro perimetral en Brexo (Pousadoira),Cambre” elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data do 07/05/2021, cun orzamento base de licitación de 8.294,57 euros sen IVE, 10.036,43 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 1 mes, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933.62200

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000055, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato para execución da obra de “Descrición Técnica para a Ampliación e desmote de muro perimetral en Brexo (Pousadoira),Cambre”, á empresa “OCISAT, S.L.” con NIF B154\*\*\*\* e domicilio na Praza Zalaeta nº 18, 15002 A Coruña, no prezo de 8.000,00 euros sen IVE, 9.680,00 euros IVE incluído, por ser a única entidade que formulou oferta e realizar baixa respecto ao tipo de licitación.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como director da obra e responsable do contrato ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da LCSP, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Setimo:** A coordinación da seguridade e saúde da obra correspóndelle á empresa “Gallega de Coordinacións S.L.”, como adxudicataria do contrato para a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022), exp. nº 2020/C004/000022.

**Oitavo:** Notifíquese ao responsable do contrato, á empresa que levará a cabo a coordinación de seguridade e saúde, e ao departamento de Intervención para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Noveno:** Notificar os presentes acordos á entidade interesada facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



**C) Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000010, por procedemento aberto simplificado , con pluralidade de criterios de adxudicación , con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática , da obra de "Proxecto básico e de execución de demolición de edificio sito en lugar dos Campóns. Castrobo."**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Mediante resolución do concelleiro delegado da Área de urbanismo, Obras e Medioambiente do día 20 de marzo de 2018, ordenouse a demolición das obras realizadas por don Manuel Prado Moure sen licenza municipal, consistentes nun edificio de vivendas en bloque plurifamiliar de baixo + 3 plantas en os Campos, Sigras, (Cambre) ao resultar imposible a súa legalización.

A antedita resolución foi notificada á entidade que figura como titular do inmovible, Prape S.A , con data de 27 de marzo de 2018, concedéndolle un prazo de 1 mes para o inicio da obra e 5 meses para a finalización das mesmas.

Mediante resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, con data de 1 de outubro de 2018, acordouse reanudar os trámites para a execución subsidiaria da demolición das obras sin licenza consistentes na construción dun edificio de vivendas en bloque plurifamiliar de baixo + 3 plantas en os Campos, Sigrás, Cambre, ordenada por resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio ambiente do día 20 de marzo de 2018 e confirmado por resolución de Alcaldía do día 15 de maio de 2018, ao non ter realizado dita demolición polos interesados dentro do prazo concedido, de acordo co disposto polo artigo 152.6 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro de 2016, do Solo de Galicia.

Como consecuencia do anterior, acordouse iniciar os trámites para a contratación das obras necesarias para levar a cabo a antedita demolición, en base ao proxecto de demolición denominado "*Proxecto básico e de execución de demolición de edificio sito en lugar de Campóns. Castrobo*" e redactado polo "Grupo Taller de Arquitectos y Urbanistas La Coruña SLP", aportado polos interesados con data de rexistro de entrada 15 de decembro de 2017 e número 2130, cun orzamento de 92.916,86 € sen IVE, 112.429,40 € IVE incluído.

Consta informe de conformidade e supervisión técnica a proxectos externos, emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data do 22/07/2021.

O proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 27 de xullo de 2021.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data do 30 de xullo de 2021 polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, no que se recolle que se trata dunha obra vinculada á reposición da legalidade urbanística e que o proxecto cumpre coas determinacións da normativa de aplicación, polo que dende o punto de vista urbanístico se considera viable.

Consta a acta de replanteo asinada polo arquitecto municipal con data 30 de xullo de 2021.

Con data do 28 de setembro de 2021 emítense informe polo técnico de Administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando Garrido Negreira, coa conformidade do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero, no que , trala cita dos fundamentos de dereito que establecen a procedencia da execución subsidiaria, se especifica que o acto administrativo de orde de demolición que motiva a incoación do presente expediente "*é firme en vía administrativa, sen que tampouco se teña presentado recurso contencioso administrativo contra o mesmo dentro do prazo legalmente establecido*".

Consta o documento de Retención de crédito emitido o 1/09/2021 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 920 22604, por importe de 112.500,00 euros.

Con data 30 de xullo de 2021 emítese polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito memoria xustificativa da necesidade da contratación da obra “*Proxecto básico e de execución de demolición de edificio sito en lugar de Campóns. Castroboo*”, na que se xustifica a necesidade da obra, a non división en lotes do contrato e maila elección do procedemento de contratación proposto. Coa mesma data emítese polo arquitecto municipal informe no que constan as prescricións técnicas para a contratación da obra e se propoñen os criterios de adxudicación para valoración das ofertas

Respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 159 e seguintes da LCSP

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , de data 29 de setembro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado , de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaria xeral da Corporación de data 01/10/2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar, e mailo informe de Reparación non suspensivo , nº 383/2021-Reparación 116 R, emitido polo interventor da Corporación , de data 6 de outubro de 2021,

Tendo en conta que se solicitou tanto á entidade “Prape,S.A.” como ao “Grupo Taller de Arquitectos y Urbanistas La Coruña SLP” que achegasen a factura correspondente á redacción do proxecto básico e de execución da demolición do edificio sito no lugar dos Campóns-Castroboo, e que se notificou aos posibles interesados rexistrados a existencia do expediente de reposición da legalidade urbanística no que se acorda a reanudación dos trámites de execución subsidiaria da demolición das obras executadas sen licenza, a fin de que todos eles alegasen o que considerasen pertinente, sen que ningún dos requiridos formulase alegación ningunha ou achegase documento ningún no prazo establecido para o efecto .

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para a execución dunha obra vinculada á reposición da legalidade urbanística, en concreto, a demolición dun edificio situado nos Campóns-Catroboo, en base á Resolución de data 1 de outubro de 2018, do Concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, pola que se acorda reanudar os tramites para a execución subsidiaria da demolición do edificio de referencia, ordenada por resolución do mesmo Concelleiro-delegado de data 20 de marzo de 2018, e confirmada por resolución de Alcaldía de data 15 de maio de 2018, ao non ser realizada dita demolición polos interesados dentro do prazo concedido para isto, de acordo co disposto no artigo 152.6 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

Co contrato proxectado o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado a), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (“o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “a) urbanismo: .... disciplina urbanística ...”), quedando

acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C003/000010, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adjudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Proxecto básico e de execución de demolición de edificio sito no lugar de Campons. Castroboo
- Orzamento base de licitación: Base imponible: 92.916,86 €  
Importe IVE (21%): 19.512,54 €  
Total: 112.429,40 €
- Valor estimado: Base imponible: 92.916,86 €  
20 % (Modificacións previstas de proxecto): Non procede  
Total VALOR ESTIMADO: **92.916,86 €**
- Prazo de execución: 2 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131, 159 e concordantes da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 920.22604

**Cuarto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaría Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós.

Vogais: O/A secretaria/o xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a/o substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, e como suplente, o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal don Óscar Souto Muiño.

**Quinto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión

**Sexto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á obra “Rectificación de pendentos para mellora da accesibilidade no Paseo Marítimo do Temple fronte oficinas de servizos múltiples municipais”, á empresa Excavaciones y Obras Candal, S.L., no prezo ofertado de 9.090,00€ sen IVE, 10.998,90 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000088**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 15/07/2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal a Memoria valorada correspondente a obra “Rectificación de pendentos para mellora da accesibilidade no Paseo Marítimo do Temple fronte oficinas de servizos múltiples municipais”, cun importe base de licitación de 9.112,96 €, sen IVE, 11.026,68 €, IVE incluído, e prazo de execución de 1 mes.

Con data 19/07/2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, e polo Alcalde da corporación, o documento denominado “Proposta-Informe de necesidade”, correspondente a obra “Rectificación de pendentos para mellora da accesibilidade no Paseo Marítimo do Temple fronte oficinas de servizos múltiples municipais ” elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, no que se motiva a necesidade da obra nas numerosas queixas veciñais recibidas pola existencia dun desnivel na contorna das oficinas de servizos múltiples municipais no Paseo Marítimo do Temple, polo que se realiza visita de comprobación detectándose a existencia dunhas ramplas que dificultan a circulación pola zona, especialmente a persoas con mobilidade reducida e discapacidade visual, puidendo chegar a provocar caídas e reclamacións por responsabilidade patrimonial.

Con data 09/06/2021 emitese documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 151 60900 (outras inversións novas infraestrutura urbana).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adjudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 26/07/2021 emítase informe polo enxeñeiro de camiños e portos municipal, no que consta que:

No expediente foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA S.L  
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L.

## EXCAVACIONES Y ÁRIDOS ORDES S.L.U.

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA S.L	9.112,96€	11.026,68€
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L.	9.090,00€	10.998,90€
EXCAVACIONES Y ÁRIDOS ORDES S.L.U.	9.110,00	11.023,10€

Formulando proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á obra de “Rectificación de pendentos para mellora da accesibilidade no Paseo Marítimo do Temple fronte oficinas de servizos múltiples municipais”, á empresa Excavaciones y Obras Candal, S.L., con NIF B1549\*\*\*\*, domicilio na Rúa A Brea 52, Mesón do Vento, c.p. 15689, no prezo ofertado de 9.090,00€ sen IVE, 10.998,90 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral de data 3 de novembro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 439/2021- Reparos 135 R (non suspensivo), emitido polo interventor da Corporación con data do 05 de novembro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria e pavimentación das vías públicas, conforme se estipula nos artigos 25.2 (apartado d) e 26.1.a) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Aprobar o documento denominado “Memoria Valorada”, correspondente á obra “Rectificación de pendentos para mellora da accesibilidade no Paseo Marítimo do Temple fronte oficinas de servizos múltiples municipais”, elaborado con data 15/07/2021 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, cun importe base de licitación de 9.112,96 €, sen IVE, 11.026,68 €, IVE incluído, e prazo de execución de 1 mes, así como a necesidade da contratación.



**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 151 60900 (outras inversións novas infraestrutura urbana).

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000088, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de “Rectificación de pendentes para mellora da accesibilidade no Paseo Marítimo do Temple fronte oficinas de servizos múltiples municipais”, á empresa Excavaciones y Obras Candal, S.L., con NIF B1549\*\*\*\*, domicilio na Rúa A Brea 52, Mesón do Vento, c.p. 15689, no prezo ofertado de 9.090,00€ sen IVE, 10.998,90 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designase como directora de obra e responsable do contrato a enxeñeira técnica de obras públicas municipal, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** A coordinación da seguridade e saúde da obra correspóndelle á empresa Gallega de Coordinacións S.L., adxudicataria do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022).

**Oitavo:** Notifíquese á directora da obra e responsable do contrato, a Gallega de Coordinacións S.L., coordinadora de seguridade, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Noveno:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**E) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa “Bialbero, S.L.” adxudicataria da “Subministración de carrozas e elementos característicos da Cabalgata de Reis, así como a aportación de persoal e medios para o desenvolvemento da tradicional Cabalgata durante o ano 2019 (coa opción de prórroga para o 2020)”. Expediente 2018/C005/000008**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 04 de xaneiro de 2019, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade “Bialbero, S.L. “, para a “Subministración de carrozas e elementos característicos da Cabalgata de Reis, así como a aportación de persoal e medios para o desenvolvemento da tradicional Cabalgata durante o ano 2019 (coa opción de prórroga para o 2020)”.

Expediente 2018/C005/000008

Visto que no antedito expediente depositouse por medio dun aval bancario nº 372243, na Tesourería municipal unha garantía definitiva de data 13/12/2018 e importe de 1.482,50 euros, con número de rexistro 856, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola dinamizadora cultural, con data do 04 de maio de 2021.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención Municipal nº 443/2021 con data do 03/11/2021.

A teor do establecido no arts. 107- 111 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “Bialbero, S.L.”, con CIF B7048\*\*\*\* e enderezo no Polígono Industrial de Bergondo, c/Parroquiad de Lubre, nave G-15 , 15165 Bergondo, (A Coruña), no expediente número 2018/C005/000008, para a “Subministración de carrozas e elementos característicos da Cabalgata de Reis, así como a aportación de persoal e medios para o desenvolvemento da tradicional Cabalgata durante o ano 2019 (coa opción de prórroga para o 2020)”.

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**F) Ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 1935/2021, do 8 de novembro, respecto da desestimación das alegacións formuladas no recurso en materia de contratación interposto pola futura UTE a formar polos licitadores "Ingeniería y Consulting Galicia S.C.P. & Beatriz Hermida Calviño (ERBA Arquitectos)"; contra a súa exclusión no procedemento de contratación 2021/C004/000004-Redacción de proxectos e direccións de obras da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre. Expediente: 2021/C004/000004.**

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 1935/2021, do 8 de novembro, que se transcribe a continuación:

“Visto que a mesa de contratación, en sesión celebrada con data de 20 de outubro de 2021, acordou *“excluír da licitación a oferta presentada pola UTE “L2 Enxeñería e Consulting Galicia S.C.P.-Beatriz Hermida Calviño (ERBA Arquitectos)” polos seguintes motivos que constan no expediente:*

*1.- Inclúuse no Sobre A “Documentación administrativa”, información avaliable mediante fórmulas, en concreto a experiencia profesional do arquitecto e do enxeñeiro de camiños, canles e portos, que supón unha puntuación máxima acumulada de 6 puntos, así como os compromisos relativos ao persoal para o asesoramento paisajista e para asesoramento e consulta, con nome, apelidos e titulación, facéndose constar que mesmo se inclúen dous técnicos a maiores respecto a os traballos especiais sobre os que se require asesoramento, obtendo polos devanditos compromisos un total de 6 puntos.*

*2.- No presente expediente inclúuse un sobre B con documentación suxeita a xuízo de valor á que, segundo consta na cláusula 13.2. c) do PCAP, outórgaselle un máximo de 40 puntos, e que os licitadores que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados (20) na FASE I, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.*

*3.- Coa inclusión de información avaliable mediante fórmulas dentro do sobre A “Documentación administrativa” non só se está conculcando o secreto das proposicións establecido no art. 139.2 da LCSP e artigo 26 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, senón que, ao existir un Sobre B con documentación suxeita a xuízo de valor, o coñecemento pola Mesa de Contratación e polo informante da información facilitada polos licitadores con carácter previo a efectuarse a valoración suxeita a xuízo de valor, configura un risco potencial de contaminación do xuízo de valor e conculcación, por tanto, dos principios de igualdade de trato, non discriminación e transparencia como piares básicos do procedemento de adjudicación dos contratos a teor do establecido nos arts. 1 e 132.1 da LCSP, risco que se trata de evitar polo lexislador no art. 30.2 do Real Decreto 817/2009, cando establece que a valoración dos criterios cuantificables de forma automática efectuarase sempre con posterioridade á daqueles cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.*

*De conformidade co establecido na cláusula 36 do PCAP, contra o presente acto de trámite poderá interpoñerse, no prazo de quince de hábiles (art. 50 LCSP), recurso potestativo especial en materia de contratación, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, constando na devandita cláusula os trámites para seguir para a súa presentación”.*

Visto que a acta da citada mesa de contratación foi publicada na Plataforma de contratación do sector público con data de 22 de outubro de 2021.

Visto que na mesma data notificouse dito acordo ao licitador excluído, achegando coa notificación tanto o informe emitido pola Técnica de xestión de Administración xeral, con data de data 6 de outubro de 2021, como o informe emitido pola Secretaria xeral da Corporación, con data de 20 de outubro de 2021, ambos sometidos a votación durante a celebración da citada sesión. Consta no expediente o contido íntegro da mesma.

Visto que dita notificación foi practicada a través da Plataforma de contratación do sector público, se ben a día de hoxe consta como non lida polo interesado.

Visto que con data de 3 de novembro de 2021 rexistrouse de entrada, ao número 202199900005903, escrito a instancia de don Alejandro Peña López, en representación da futura “UTE L2 Enxeñería e Consulting Galicia S. C. P.-Beatriz Hermida Calviño (ERBA Arquitectos),” ao que achega “informe de alegacións do procedemento con título: “SERVICIO DE REDACCIÓN DE PROYECTOS E DIRECCIÓNS DE OBRA DA ÁREA DE URBANISMO E OBRAS, DO CONCELLO DE CAMBRE” de nº de expediente: 2021/C004/000004, do cal foi excluído con data de 20/10/2021””, e no que solicita:

*“-A estimación da presente alegación, e en consecuencia que non se exclúa a UTE L2 ENXEÑERÍA - ERBA ARQUITECTOS do proceso de licitación no expediente 2021/ C004/000004, quedando sen efecto neste particular aspecto a resolución da Mesa de contratación do 20 de outubro de 2021.*

*-A continuación do procedemento para a apertura do resto dos sobres e a súa valoración e resolución conforme á lei e aos pregos, admitindo nos devanditos trámites a UTE L2 ENXEÑERÍA - ERBA ARQUITECTOS 13.*

*Por outro si, medida cautelar de suspensión do procedemento en tanto non se resolva a presente alegación, todo iso de conformidade co art. 98.1.a da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (aplicable supletoriamente en virtude da DF 4ª da LCSP)”.*

Visto o informe proposta emitido pola Secretaria accidental con data de 5 de novembro de 2021, no que ratifica o exposto no informe emitido pola Secretaria xeral con data de 20 de outubro de 2021.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro:** Desestimar as alegacións formuladas por don Alejandro Peña López, en representación da futura “UTE “L2 Enxeñería e Consulting Galicia S.C.P.-Beatriz Hermida Calviño (ERBA Arquitectos)”, rexistradas de entrada con data de 3 de novembro de 2021, ao número 202199900005903, contra o acordo adoptado pola mesa de contratación designada no expediente 2021/C004/000004 para adxudicación do servizo de “Redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Servizos do Concello de Cambre”, con data de 20 de

outubro de 2021, mediante o cal se exclúe da licitación a oferta presentada pola UTE "L2 Enxeñería e Consulting Galicia S. C. P.-Beatriz Hermida Calviño (ERBA Arquitectos)".

Isto, porque ditas alegacións non desvirtúan os motivos que xustificaron o acordo de exclusión:

1.- Inclúese no Sobre A "Documentación administrativa", información avaliable mediante fórmulas, en concreto a experiencia profesional do arquitecto e do enxeñeiro de camiños, canles e portos, que supón unha puntuación máxima acumulada de 6 puntos, así como os compromisos relativos ao persoal para o asesoramento paisajista e para asesoramento e consulta, con nome, apelidos e titulación, facéndose constar que mesmo se inclúen dous técnicos a maiores respecto a os traballos especiais sobre os que se require asesoramento, obtendo polos devanditos compromisos un total de 6 puntos.

2.- No presente expediente inclúese un sobre B con documentación suxeita a xuízo de valor á que, segundo consta na cláusula 13.2. c) do PCAP, outórgaselle un máximo de 40 puntos, e que os licitadores que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados (20) na FASE I, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

3.- Coa inclusión de información avaliable mediante fórmulas dentro do sobre A "Documentación administrativa" non só se está conculcando o secreto das proposicións establecido no art. 139.2 da LCSP e artigo 26 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, senón que, ao existir un Sobre B con documentación suxeita a xuízo de valor, o coñecemento pola Mesa de Contratación e polo informante da información facilitada polos licitadores con carácter previo a efectuarse a valoración suxeita a xuízo de valor, configura un risco potencial de contaminación do xuízo de valor e conculcación, por tanto, dos principios de igualdade de trato, non discriminación e transparencia como piares básicos do procedemento de adxudicación dos contratos a teor do establecido nos arts. 1 e 132.1 da LCSP, risco que se trata de evitar polo lexislador no art. 30.2 do Real Decreto 817/2009, cando establece que a valoración dos criterios cuantificables de forma automática efectuarase sempre con posterioridade á daqueles cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

**Segundo:** Toda vez que non se estiman as alegacións formuladas que constitúen o obxecto do recurso, non se aprecia circunstancia pola que proceda acordar a suspensión cautelar da tramitación do expediente formulada pola entidade recorrente; isto, tendo en conta o establecido polo artigo 53 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

**Terceiro:** Remitir o informe ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 56.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 28.4 do Real decreto 814/2015 do 11 de setembro que aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual.

**Cuarto:** Publicar a presente resolución na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre, de conformidade co artigo 63.3.e) da LCSP.

**Quinto:** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local, para os efectos da súa ratificación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, acordou:

**Único:** Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 1935/2021, do 8 de novembro, respecto da desestimación das alegacións formuladas no recurso en materia de contratación interposto pola futura UTE a formar polos licitadores "Ingeniería y Consulting Galicia S.C.P. & Beatriz Hermida Calviño (ERBA Arquitectos)"; contra a súa





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

exclusión no procedemento de contratación 2021/C004/000004-Redacción de proxectos e direccións de obras da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre. Expediente: 2021/C004/000004.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López